

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

*EXTRACTO da Orde do 2 de xuño de 2023 pola que se convocan os premios extraordinarios na modalidade de ensinanza artística profesional nos ámbitos de música, de danza, e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia correspondentes ao curso 2022/23 (código de procedemento ED311F).*

BDNS (Identif.): 702938.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

Alumnado que finalizou as ensinanza profesional de Música, de Danza ou de ciclos formativos de grao superior de Artes Plásticas e Deseño no curso 2022/23, nun centro docente da Comunidade Autónoma de Galicia, cunha nota media igual ou superior a 8,75 nos dous últimos cursos das ensinanza profesional de Música ou de Danza ou cunha nota media final igual ou superior a 8,75 no ciclo formativo de grao superior de Artes Plásticas e Deseño cursado.

Segundo. *Obxecto*

Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, os premios extraordinarios na modalidade de ensinanza artística profesional nos ámbitos de música, de danza, e de artes plásticas e deseño para o alumnado que finalizou as ensinanza profesional de Música, de Danza ou de ciclos formativos de grao superior de Artes Plásticas e Deseño, no curso 2022/23 nun centro docente da Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 2 de xuño de 2023 pola que se convocan os premios extraordinarios na modalidade de ensinanza artística profesional nos ámbitos de música, de danza, e de

CVE-DOG: jk57spx5-m0x3-s0r0-6ti3-7ebpptwwf3u5



artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia correspondentes ao curso 2022/23 (código de procedemento ED311F).

Cuarto. *Importe*

A dotación total é de 6.000 euros e non poderá exceder os 1.000 euros por premio.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día de prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo finaliza o último día do mes.

Santiago de Compostela, 2 de xuño de 2023

O conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades  
P.D. (Orde do 29.7.2022; DOG núm. 151, do 9 de agosto)  
Manuel Vila López  
Secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación,  
Formación Profesional e Universidades

CVE-DOG: jk57spx5-m0x3-s0r0-6ti3-7ebpptwwf3u5

